



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Expediente administrativo núm. 2025/G010/000004
asunto: convocatoria Pleno ordinario

CONVOCATORIA

Pola presente, consonte ó establecido nos artigos 41.4 e 80 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo RD 2568/1986, de 28 de novembro, convócase aos/ás concelleiros/as da Corporación para que asistan á sesión ordinaria, que vai celebrar o Pleno da Corporación o vindeiro **xoves día 27 de marzo de 2025, ás 20:00 horas** no Salón de Sesións da Casa Consistorial, segundo a seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación dos borradores das actas das sesións anteriores de datas: 30/01/2025 e 06/02/2025. Expte. núm. 2025/G006/000007.
2. Aprobación da convalidación da omisión da función interventora do Expte. OFI 4/2025, recoñecemento extraxudicial e pago de facturas. Expte. núm. Expte. núm. 2024/X998/000208.
3. Aprobación da convalidación da omisión da función interventora do Expte. OFI 5/2025, recoñecemento extraxudicial e pago de facturas. Expte. núm. Expte. núm. 2025/X998/000062.
4. Aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 6/2025, reparo núm. 3/2025 e pago de facturas. Expte. núm. 2025/X998/000063.
5. Aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 7/2025, reparo núm. 4/2025 e pago de facturas. Expte. núm. 2025/X998/000065.
6. Aprobación do expediente de modificación de créditos núm. 9/2025, por créditos extraordinarios e suplementos de crédito. Expte. núm. 2025/T002/000009.
7. Aprobación do inicio do expediente de revisión de oficio das bases específicas reguladoras da convocatoria e proceso selectivo para a cobertura dunha praza de guía turístico medioambiental e dunha praza de animador/a cultural, estabilización do emprego temporal. Expte. núm. 2025/E005/000004.
8. Aprobación da retribución para 2025, do servizo municipal de augas formulada por VIAQUA, Gestión Integral de Aguas de Galicia. Expte. núm. 2024/X998/000315
9. Aprobación das actuacións que pretende acometer a Demarcación de Costas, nas praias de Soesto e Traba. Expte. núm. 2025/X999/000014.
10. Ratificación da Resolución da Alcaldía núm. 173/2025, do 07/03/2025, en canto á adhesión ao convenio para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á avésa asiática (vespa velutina), ano 2025. Expte. núm. 2025/A006/000001.

B) PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

11. Mocións dos Grupos Municipais:
 - 11.1. Moción que presenta UNIDAS PODEMOS para o control e tratamento das palmeiras afectadas polo picudo vermello . Expte. núm. 2025/G006/000004.
 - 11.2. Moción que presenta UNIDAS PODEMOS para a mellora da atención sanitaria pública e protección dos dereitos dos cidadáns. Expte. núm. 2025/G006/000004.
 - 11.2. Moción que presenta o BNG en canto á solicitude á AXI a solucionar de xeito inmediato o problema da urbanización situada na Avda. Isidro Parga Pondal xunto no acceso principal ao casco urbano de Laxe. Expte. núm. 2025/G006/000013.
 - 11.3. Moción que presenta o BNG en canto á situación de deterioro á nivel estrutural na que se atopa o CPIP Cabo da Area. Expte. núm. 2025/G006/000013.
12. Dación conta decretos de Alcaldía. Expte. núm. 2025/G006/000008.
13. Dación conta da execución orzamentaria do 4º trimestre 2024. Expte. núm. 2025/G006/000009.
14. Dación conta da aprobación da liquidación do orzamento municipal do exercizo de 2024. Expte. núm. 2025/T019/000001.
15. Dación conta da relación de acordos contrarios a reparos e expedientes con omisión de fiscalización de 2024. Expte. núm. 2025/G006/000012.
16. Asuntos de urxencia.
17. Rogos e preguntas.

A documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día, atópase a súa disposición dende o mesmo día da convocatoria na Secretaría do concello.

Mándoo e asínoo, en Laxe, 24 de marzo de 2025.

O alcalde, Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora, Begoña Carrasco García

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)